

XVII CARREIRA POPULAR MAR DE BOIRO.
15º Memorial Pepe Buceta

Bases xerais.

Data: 04 de decembro de 2022.

Hora de inicio: 10:40 h.

Hora de finalización: 12:30 h.

XVII Carreira Popular Mar de Boiro. 15º Memorial Pepe Buceta.

Organiza: Departamento de Deportes. Concello de Boiro.
Casa da Cultura “Ramón Martínez López” (parque da Cachada).
Tfno: 981-848425/e-mail: deportes@boiro.org.
Persoa de contacto: Manuel González Lorenzo.

Patrocina: Concello de Boiro e Mancomunidade Barbanza Arousa

Distancias: Carreiras Mini e Supermini (ata sete anos): 200 metros.
Carreira curta (escolares): 2.500 metros.
Carreira longa (cat. xeral): 10.000 metros.

Inscricóns: Na Web de Emesports (www.emesports.es)

- **Aceptaranse inscricóns ata o xoves 1 de decembro ata as 23:59 h. na web de Emesports.**
- O día da proba, só se farán modificacións ou rectificacións das inscricóns.
- As inscrición son gratuítas para as carreiras Mini, Supermini e escolares. Para a carreira longa a inscrición será de **6 euros**.
- O depositario das cotas de inscrición será a empresa Emesports. Ao remate do evento, a empresa depositaria deberá ingresarlle ao Concello de Boiro a totalidade da cantidade recadada.

**Recollida de dorsais,
Chips, saída, boxes e
meta:**

Na carpa que a organización terá na Praza de Galicia (fronte ao Concello), **a partir das 09:00 h. e ata as 10:15 h.**
Aquí estarán situados tamén os boxes, avituallamento e a zona de entrega de trofeos. Ao lado da praza estarán situadas tamén a liña de saída e chegada.

Premios:

- ✓ Trofeos para os 3 primeiros clasificados en tódalas categorías, excepto para a carreira Mini e Supermini.
- ✓ Agasallo aos 3 primeiros corredores de Boiro (empadroados actualmente-comprobado pola organización) da categoría xeral, masculino e feminino.
- ✓ Agasallo aos 500 primeiros corredores da categoría xeral que se inscriban na proba.
- ✓ Medallas para todos os participantes das carreiras curta, Mini e Supermini.
- ✓ Non haberá premios económicos.

Percorrido:

Carreiras Mini e Supermini. Ata 7 anos (200 metros).

2 saídas: Mini (2015-2016-2017) e Supermini (2018 e posteriores). Saída a 200 metros da liña de meta, ao comezo da rúa peonil. O horario da saída será ás **10:40 h.** Os pais poden correr cos cativos da proba Supermini, pero faran ao final do pelotón, para non entorpecer aos cativos máis rápidos. Deste xeito, os inscritos na carreira longa poderán correr cos fillos na carreira Supermini antes da súa proba.

Carreira curta. Escolares (2.500 metros).

Saída 5 minutos despois da categoría absoluta, na rúa Principal, fronte ó edificio do concello. Baixada pola rúa Principal ata o cruce da Avda. Constitución (despois do cruce da Avda. Compostela). Collemos a esquerda pola Avda. Constitución, pasamos a rotonda do cruce ca Avda. Compostela e seguimos subindo toda a Avda. Constitución, pasando os semáforos e chegando á rotonda do cruce de Abanqueiro. Volta á rotonda, subida ata a rúa Estatuto de Galicia e baixada todo recto ata entrar na meta na rúa peonil, na parte de atrás do edificio do concello. A saída será ás **11:05 h.**

Carreira lonxa. Categoría xeral (10.000 metros).

Saída na rúa Principal, fronte ao edificio do concello. Baixada pola rúa principal ata o cruce da Avda. Constitución (despois do cruce da Avda. Compostela). Collemos á esquerda pola Avda. Constitución ata a rotonda da Avda. Compostela, torcendo á dereita en dirección a Praia Xardín. Ao final da Avda. Compostela torcemos á esquerda, entrando no paseo marítimo. Percorrido por todo o paseo marítimo ata o final do mesmo, no Saltiño. Sáese á Avda. Barraña e a 50 metros xa se colle o cruce á esquerda para subir pola Pedra da Bouza ata a Rotonda da Sestelo. Séguese pola estrada ata Triñáns e ao final torcemos á esquerda en dirección a Abanqueiro. O percorrido polas estreitas rúas de Triñáns lévanos ata a rotonda do cruce que vai para a praia de Mañóns, torcendo a dereita e dirixíndonos ata esta praia. De Mañóns seguimos a estrada ata o cruce preto da Charca de Abanqueiro. Ao final da Charca, collemos á esquerda para subir toda a recta do campo de fútbol de Abanqueiro ata chegar a Exipto, continuando recto pola estrada que pasa por Brión e, ao pasar San, torcemos á dereita en dirección á Boliña, ata chegar ao cruce ca Avda. Constitución. Aquí collemos á dereita en dirección á rotonda de Espiñeira, onde se fará un cambio de sentido (sen chegar a bordear a rotonda) para volver a baixar pola Avda. Constitución, torcemos á dereita no primeiro cruce para baixar pola rúa Estatuto de Galicia (onde está o Mercadona) todo recto ata entrar na meta na rúa peonil, na parte de atrás do edificio do concello. A saída será ás **11:00 h.**

Regulamento categoría xeral.

1. O Departamento de Deportes do Concello de Boiro será o organizador da **XVII Carreira Popular Mar de Boiro. 15º Memorial Pepe Buceta**. A proba está incluída no Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo. Tamén forma parte do V Circuíto de Carreiras Barbanza Arousa e do VIII Circuíto Provincial de Carreira Populares da Deputación da Coruña.
2. O Concello de Boiro, a comisión organizadora e os seus colaboradores non se fan responsables dos posibles danos morais, físicos ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas lles ocasionen os participantes nesta proba deportiva, nin outros que con motivo da competición poidan corresponder ante o seguro deportivo ou outra mutualidade.
3. Tódolos participantes, polo feito de toma-la saída, aceptan as presentes bases e regulamento que, en caso de dúbida, decidirá o comité organizador.
4. O descoñecemento destas bases e do regulamento non exime do seu cumprimento.
5. Os atletas participarán cos dorsais tal e como son asignados pola organización, estando prohibido cortalo ou dobralo, debendo quedar ben visible o número e a publicidade.
6. Utilizarase o **CHIP** da empresa “Emesports” como xeito de **CRONOMETRAXE ELECTRÓNICO**. Este chip entregaráselle ao corredor, xunto co dorsal, ata 45 minutos antes do comezo da proba. A retirada de dorsais e chips realizarase na Praza de Galicia, diante do concello de Boiro, antes do inicio da proba. O dorsal outorgado deberá levarse en toda a súa extensión colocado na parte anterior do corpo e de xeito visible. Todo atleta que entre na meta sen o seu dorsal será descalificado.
7. Todo corredor que non realice o percorrido completo, que chegue á meta sen dorsal ou ao entender dos xuíces da organización cometa algunha irregularidade, será descalificado.
8. A saída será ás **11:00 h.** na rúa Principal, fronte ao Concello. A chegada será na parte de atrás do Concello, na rúa peonil.
9. Os participantes deberán situarse na saída 5 minutos antes do comezo da proba, dividindo 2 grupos: adiante, da categoría xuvenil cara adiante e, a 25 metros por detrás aproximadamente, as categorías de escolares: benxamín, alevín, infantil e cadete. Daranse dúas saídas: primeiro a categoría xeral e logo, a categoría de escolares.
10. A organización establece as seguintes categorías segundo o ano de nacemento:
 - **SUB 10 (Benxamín Masc. e Fem.): nados/das en 2013 e 2014**
 - **SUB 12 (Alevín Masc. e Fem.): nados/das en 2011 e 2012**
 - **SUB 14 (Infantil Masc. e Fem.): nados/das en 2009 e 2010**
 - **SUB 16 (Cadete Masc. e Fem.): nados/das en 2007 e 2008**
 - **SUB 18 (Xuvenil Masc. e Fem.): nados/das en 2005 e 2006**

- SUB 20 (Júnior Masc. e Fem.): nadadores/das en 2003 e 2004
- SUB 23 (Promesa Masc. e Fem.): nadadores/das en 2000, 2001 e 2002
- Sénior Homes e Mulleres: nadadores entre 1999 e 1988 (ambos incluídos)
- MASTER 1 (Veteranos/as 1): homes e mulleres nadadores entre 1982 e 1987 (ambos incluídos)
- MASTER 2 (Veteranos/as 2): homes e mulleres nadadores entre 1972 e 1981

(ambos incluídos)

- MASTER 3 (Veteranos/as 3): homes e mulleres nados entre 1962 e 1971
(ambos incluídos)
- MASTER 4 (Veteranos/as 4): homes e mulleres nados en 1961 e anteriores.
- Categoría “Sapatilla Inclusiva”: categoría única absoluta para persoas con diversidade funcional. Haberá trofeos para os tres primeiros clasificados, tanto masculinos como femininos. Os participantes desta categoría farán o circuito de adultos, ou sexa, a distancia de 10 kilómetros.

11. As categorías e o circuito estarán expostos na Praza de Galicia, na saída da carreira. As Carreiras Mini (nacidos nos anos 2015, 2016 e 2017) e Supermini (nos anos 2018 e posteriores) será para os más cativos; a carreira curta para as categorías benxamín, alevín, infantil e cadete, sendo a carreira longa para o resto das categorías.
12. A organización establecerá puntos de control ao longo de todo o percorrido.
13. O percorrido estará sinalizado en cada quilómetro, así como a recta final de meta e a súa lonxitude.
14. A organización contará coa axuda dos organismos oficiais municipais competentes que regularán o tráfico ao longo de todo o percorrido.
15. Os corredores serán acompañados por coches da organización. Un coche oficial abrirá a carreira e un microbús irá pechando, facendo funcións de “coche escoba”.
16. O acompañamento aos corredores por xente allea á organización ou por vehículos non autorizados será motivo de descalificación.
17. O control de chegada pecharase 45 minutos despois de que entre na meta o primeiro corredor clasificado.
18. As inscricións realizaranse nos lugares que se indican nas bases xerais.
19. A clasificación será absoluta e por categorías.
20. A organización premiará cun trofeo aos tres primeiros clasificados de cada categoría e aos tres gañadores absolutos (tanto masculino coma feminino). Ademais, outorgaranse os seguintes premios:
 - Tres primeiros corredores e tres primeiras corredoras de Boiro encruzar a liña de meta na categoría xeral (empadroados actualmente- comprobado pola organización).
 - Participante con máis idade.
 - Medallas para os participantes das carreiras Mini, Supermini e curta.

21. Os trofeos serán acumulativos.
22. A entrega de trofeos será ás 12:20 h. na Praza de Galicia, fronte ao Concello.

23. Para as duchas e vestuarios poderán utilizarse as do pavillón do Complexo Deportivo da Cachada, situado ao lado da Piscina Municipal e a escasos 300 metros do lugar da saída da carreira.
24. As reclamacións, se as houbera, faranse na carpeta da organización, dirixidas ao xuíz árbitro da competición e non mais tarde de 30' despois á publicación dos resultados oficiais.
25. Todo o non recollido nestas bases resloverase según o establecido nos regulamentos da FGA, RFEA e IAFF neste orde para probas en ruta. De tódolos xeitos, e ante calquera circunstancia non comentada nestas bases e regulamento, a organización tomará as decisións oportunas.
26. Polo ben de todos, rógase aos participantes, acompañantes e demás público que presencie a proba, un comportamento exemplar cara aos compañeiros, público, organización e a proba en xeral.

Regulamento categoría escolares.

1. Entrarán nesta categoría tódolos corredores nados entre os anos 2007 e 2014 (ambos incluídos), coincidindo coas categorías cadete, infantil, alevín e benxamín.
2. Estas categorías percorrerá o circuíto curto, de 2.500 metros.
3. Está permitido que os pais ou adultos corran acompañando aos nenos, na parte de atrás do pelotón.
4. A proba de escolares, salvo no especificado neste regulamento, rexerase polas bases e regulamento xeral da XVII Carreira Popular “Mar de Boiro”, 15º Memorial Pepe Buceta.

Regulamento carreiras Mini e Supermini.

1. Entrarán nesta categoría tódolos corredores nados no ano 2015 e posteriores.
2. A carreira Mini será para os nacidos nos anos 2015, 2016 e 2017.
3. A carreira Supermini será para os nacidos nos anos 2018 e posteriores.
4. Faranse 2 saídas: primeiro a Mini e, a continuación, a Supermini.
5. Estas categorías percorrerán o circuíto Mini, de 200 metros aproximadamente.
6. Está permitido que os pais ou adultos corran acompañando aos nenos más pequenos (os da categoría Supermini), pero faranlo ao final do pelotón, para non entorpecer aos cativos más rápidos.

ANEXOS.

1. Circuíto adultos.



2. Circuíto escolares.



3. Carreiras Mini e Supermini.



AVISO

LEGAL

L.O.P.D.

Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

NOTA

Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obligatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o/a interesado/a pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow ,13 - 15008 A Coruña.

Todo o non reflectido no presente regulamento rexerase polas normas vixentes da FGA e RFEA.